

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 3 DE OUTUBRO DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 11:00 horas do día 3 de outubro de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 1 de outubro (orde do día ampliada o 2 de outubro), para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. María Jesús Lago Rey

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel
D^a. Olga Gómez Corbal
D. Secundino Otero Faílde
D. Antonio Villanueva Guimeráns (asiste aos puntos 8, 9 e 10)
D. José Hermida Fernández (asiste ao punto 11)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta do 27 de setembro de 2018

Apróbase a acta da sesión do 27 de setembro de 2018 cos votos de D^a María Jesús Lago Rey, D^a. María Isabel Fernández Gabriel, D^a. Olga Gómez Corbal e D. Secundino Otero Faílde.

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Gregorio Espino fase III (75- 441)

A secretaria le o certificado expedido polo Rexistro Xeral que se transcribe a continuación:

"Que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo, para a presentación de proposicións, publicado na Plataforma de Contratación do Estado o 21-09-2018, para a contratación por procedemento aberto da "Humanización da Avda. Gregorio Espino, Fase III". EXPTE. 75-441" que rematou o día 1 de outubro do presente ano, e consultada a aplicación informática de xestión de expedientes, presentáronse as seguintes empresas:

1. S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA
2. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.
3. CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.
4. CIVIS GLOBAL, S.L.



5. COPCISA, S.A.
6. OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.
7. LANCER, PROYECTOS Y OBRAS, S.A.
8. PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.
9. NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.
10. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.
11. EXTRACO CONSTRUCCIONES E PROXECTOS, S.A.
12. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES, S.L.
13. XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.
14. CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.
15. CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.
16. ORECO, S.A.”

A continuación le o correo enviado por *ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES SL* o 2 de outubro de 2018 co seguinte teor literal:

"Buenos días, les informamos que en el día de ayer se envió una propuesta de licitación para la obra con el número de Expte. 75/441 (OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA GREGORIO ESPINO FASE III) en nombre de la UTE ACEVI S.L.- MONTAJES IGLESIAS S.L.

Debido a los numerosos problemas técnicos encontrados a la hora de procesar la solicitud de participación a través de la plataforma de contratación y tras intentar infructuosamente dar de alta la UTE directamente en la web, nos pusimos en contacto con PLYCA EMPRESAS para solucionarlo.

Ellos nos indican que sólo pueden darlo de alta ellos y así lo hacen dándonos un identificador para la UTE (TEMP-00031) y que podamos presentarlo. Tras muchos intentos la plataforma no reconoce el indicador y nos es imposible gestionarlo.

Finalmente decidimos presentar la propuesta de la UTE con el certificado electrónico de ACEVI S.L., que es uno de los partícipes al 50% de la UTE, y que tiene la firma de JULIO BARROS PUENTE (mismo representante que la UTE).

Esta mañana desde PLYCA EMPRESAS nos envían otro correo en el que nos dicen que el código identificador de la UTE era otro (TEMP-00034) y que ha habido problemas técnicos con la plataforma para las UTEs.

Les adjuntamos los correos recibidos por parte de PLYCA EMPRESAS y esperamos tengan en cuenta toda esta información para entender la forma de presentar la oferta de la UTE”.

Pregúntase aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/ dos licitadores e ningún manifesta ter conflito con eles.

Acto seguido procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:39	Páxina 2 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A446-CEDC3D-4FDD31-XMSLR1-ZMJQBD-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA
2. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.
3. CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.
4. CIVIS GLOBAL, S.L.
5. COPCISA, S.A.
6. OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.
7. LANCER, PROYECTOS Y OBRAS, S.A.
8. PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SOCIEDAD LIMITADA
9. NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.
10. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.
11. EXTRACO CONSTRUCCIONS E PROXECTOS, S.A.
12. UTE ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES, S.L. e MONTAJES IGLESIAS, S.L. (porcentaxe de participación na UTE ao 50%)
13. XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.
14. CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.
15. CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.
16. ORECO, S.A.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran Vía – entre a rúa María Berdiales e a rúa Venezuela (76- 441)

A secretaria le o certificado expedido polo Rexistro Xeral que se transcribe a continuación:

"Que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo, para a presentación de proposicións, publicado na Plataforma de Contratación do Estado o 04-09-2018, para a contratación por procedemento aberto da "Rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran Vía (entre a rúa Maria Berdiales e a rúa Venezuela". EXPTE. 76-441" que rematou o día 1 de outubro do presente ano, e consultada a aplicación informática de xestión de expedientes, presentáronse as seguintes empresas:

1. PUENTES Y CALZADAS INFRAESTRUCTURAS SL
2. S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA
3. ACCIONA CONSTRUCCION, SA
4. VIAS Y CONSTRUCCIONES SA
5. EXTRACO CONSTRUCCIONS E PROXECTOS SA

Así mesmo, recibíronse faxes, coa pegada dixital, das seguintes empresas:

- UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.- CONST. RAMIREZ, S.L.
- UTE ORECO-FERROVIAL-AGROMAN.
- UTE PRACE-COPSESA.
- UTE DRAGADOS S.A.-PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.
- UTE CIVISGLOBAL SL-AVAN INTEGRAL, S.L.-C.D. INDEPO, S.L.
- UTE CONSTRUCTORA SAN JOSE-CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A."



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:39	Páxina 3 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A446-CEDC3D-4FDD31-XMSLR1-ZMJQBD-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A secretaria comunica que no Servizo de Contratación se recibiron o correos electrónicos dos seguintes licitadores:

1. CIVIS GLOBAL, S.L.U (01.10.18) no que achega a pegada dixital por "razóns técnicas de comunicación"
2. ORECO (01.10.18) no que achega a pegada dixital "ante la imposibilidad de enviar la proposición de la obra con nº expediente 76-441 por medios electrónico". O 02.10.18 recíbese outro correo no que se achega pegada dixital e se indica "*Hola, buenos días, acabo de comprobar que tengo más de una huella del sobre electrónico generado ayer. No sé si ha sido porque intenté enviarlo varias veces. No sé realmente cual es la correcta. Os envío la que envíe ayer al fax ya que no coincide con la que envíe por e-mail*"
3. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L., 2 correos o 01.10.18 no que achega dúas pegadas dixitais distintas
4. DRAGADOS S.A. (01.10.18) no que achega a pegada dixital "*Por razones técnicas de comunicación no imputables al licitador*"
5. UTE PRACE-COPSESA (01.10.18) "*ante la imposibilidad de entregar la documentación de la licitación del expediente 76-441 mediante el software PLYCA EMPRESAS por problemas en el procedimiento de envío del sobre*"
6. CONSTRUCTORA SAN JOSÉ - CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A (28.09.18) no que achega pegada dixital

Así mesmo, comunícase que todos os licitadores presentaron o sobre electrónico en prazo: o 01.10.18 (CONSTRUCTORA SAN JOSÉ - CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A, UTE PRACE-COPSESA) e o 02.10.18 os demais.

Pregúntase aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/dos licitadores e ningún manifesta ter conflito de intereses con eles.

Unha vez comprobado que coinciden as pegadas dixitais cos sobres electrónicos remitidos, procédese pola presidencia e a secretaria da Mesa á descriptación dos documentos que compoñen o sobre A "*Documentación persoal*". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. PUENTES Y CALZADAS INFRAESTRUCTURAS, S.L.
 2. S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA
 3. ACCIONA CONSTRUCCION, S.A.
 4. VIAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.
 5. EXTRACO CONSTRUCCIONES E PROXECTOS, S.A.
 6. UTE ORECO-FERROVIAL AGROMAN (porcentaxe de participación da UTE ao 50%)
 7. UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - CONSTRUCTORA OBRAS PÚBLICAS SAN EMETERIO, S.A. (COPSESA) (porcentaxe de participación da UTE ao 50%)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:39	Páxina 4 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A446-CEDC3D-4FDD31-XMSLR1-ZMJQBD-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

8. UTE DRAGADOS S.A. - PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L. (porcentaxe de participación da UTE ao 60%-40% respectivamente)
9. UTE CIVISGLOBAL SL - AVAN INTEGRAL, S.L. - C.D. INDEPO, S.L. (porcentaxe de participación da UTE ao 60%-20%-20% respectivamente)
10. UTE CONSTRUCTORA SAN JOSE-CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (porcentaxe de participación da UTE ao 60%-40% respectivamente)

- b) Outorgar un prazo de tres días á UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.-CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L. (porcentaxe de participación da UTE ao 50%) para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. Concretamente, deberá presentar o compromiso de constitución da UTE (anexo II do PCAP) asinado polo representante de cada empresa participante, esixido no artigo 24 do RD 1098/2001, do 12 de outubro e na cláusula 14.2A do PCAP.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Gregorio Espino fase III (75- 441)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*" dos licitadores presentados e admitidos.

Faise constar que a documentación presentada pola UTE ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES, S.L. e MONTAJES IGLESIAS, S.L. só está asinada polo representante da primeira empresa.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda:

1. Conceder un prazo de tres días á UTE ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES, S.L. e MONTAJES IGLESIAS, S.L. para que poida emendar a proposición avaliable mediante xuízo de valor xa que só está asinada polo representante da primeira das empresas.

En consecuencia, deberá presentar un escrito asinado por persoa con poder de representación de MONTAJES IGLESIAS, S.L. no que subscriba a oferta presentada o 1 de outubro de 2018 con rexistro de entrada n.º 180158832. Se o licitador ten constancia de que a documentación presentada no sobre C "*proposición avaliable a través de fórmula*" tamén adolece deste defecto formal, poderá subscribir as dúas proposicións (sobre B e sobre C) no mesmo escrito, sen que en ningún caso desvele o contido da súa oferta.

2. Solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran Vía – entre a rúa María Berdiales e a rúa Venezuela (76- 441)

Retírase da orde do día porque a Mesa acordou conceder un prazo a un dos licitadores para a emenda da documentación persoal.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:39	Páxina 5 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A446-CEDC3D-4FDD31-XMSLR1-ZMJQBD-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**a) Procedemento aberto mixto para a contratación do subministro e servizo dunha plataforma integral de xestión intelixente de servizos cidade e a súa integración cos servizos da plataforma cidade VCI+ (8.562-113) (informe sobre C con proposta de clasificación)**

Entrégase o informe asinado polo técnico responsable de Modernización e Innovación Administrativa e o xefe do Servizo de Administración Electrónica o 1 de outubro de 2018 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**a) Procedemento aberto mixto para a contratación do subministro e servizo dunha plataforma integral de xestión intelixente de servizos cidade e a súa integración cos servizos da plataforma cidade VCI+ (8.562-113)**

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo técnico responsable de Modernización e Innovación Administrativa e o xefe do Servizo de Administración Electrónica o 1 de outubro de 2018 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación.

10.- Propostas de clasificación**a) Procedemento aberto mixto para a contratación do subministro e servizo dunha plataforma integral de xestión intelixente de servizos cidade e a súa integración cos servizos da plataforma cidade VCI+ (8.562-113)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto mixto para a contratación do subministro e servizo dunha plataforma integral de xestión intelixente de servizos cidade e a súa integración cos servizos da plataforma cidade VCI+ (8.562-113) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	TELEFONICA	98,05
2	NEC IBERICA SLU	72,30
3	SIVSA	67,43
4	INDRA SISTEMAS SA	58,16
5	WELLNESS TELECOM	56,24
6	ELECNOR DEIMOS ⁶	47,04



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 13/05/2024 07:39

Páxina 6 de 13

ACTAS PERFIL CONTRATANTE

CSV: A5A446-CEDC3D-4FDD31-XMSLR1-ZMJQBD-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013”.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación mixta de subministro e servizos para a instalación de elementos vexetais e non vexetais para a decoración de nadal (5.481-106)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación mixta de subministro e servizos para a instalación de elementos vexetais e non vexetais para a decoración de nadal (5.481-106)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 18 de setembro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Dar conta do acordo adoptado pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 7 de setembro de 2018, polo que se acorda non admitir neste procemento a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:39	Páxina 7 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A446-CEDC3D-4FDD31-XMSLR1-ZMJQBD-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

LA FIESTA ESCÉNICA, S.L. por non ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos (DEUC).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación mixta de subministro e servizos para a instalación de elementos vexetais e non vexetais para a decoración de nadal (5.481-106) na seguinte orde descendente:

Lote 1:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S.L. (EVENTUMPRO)	83,00 puntos
2	ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A.	33,93 puntos

Lote 2:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A.	93,00 puntos
2	ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S.L. (EVENTUMPRO)	32,45 puntos

Terceiro.- Requirit aos licitadores clasificados en primeiro lugar, ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S.L. (EVENTUMPRO) (lote 1) e ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A. (lote 2), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lembren que deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5F do Anexo I -PCAP- ("documentación expedida pola Delegación de Industria de estar en posesión do Certificado de Empresa Instaladora de equipos e instalacións eléctricas").*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

Segundo.- Este acordo foi publicado no perfil de contratante e notificado aos licitadores clasificados en primeiro lugar, ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S.L. (EVENTUMPRO) (lote 1) e ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A. (lote 2), o día 21 de setembro de 2018, que presentan a documentación requirida o 27 de setembro, e o 26 de setembro e 3 de outubro, respectivamente, dentro do prazo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:39	Páxina 8 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A446-CEDC3D-4FDD31-XMSLR1-ZMJQBD-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 3 de outubro de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar, ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S.L. (EVENTUMPRO) (lote 1) e ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A. (lote 2), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S.L. (EVENTUMPRO) (lote 1) e ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A. (lote 2), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 14 e 18 de setembro de 2018, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S.L. (EVENTUMPRO) o lote 1 do procedemento aberto para a contratación mixta de subministro e servizos para a instalación de elementos vexetais e non vexetais para a decoración de nadal (5.481-106) por un prezo total de 285.753,80 euros, sendo o importe correspondente



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:39	Páxina 9 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A446-CEDC3D-4FDD31-XMSLR1-ZMJQBD-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ao IVE de 49.593,63 euros e coas seguintes melloras:

- *Comprométese a incluír na oferta réplicas dos sets incluídos no PPT para o Lote 1 coa seguinte superficie:*
 - SET Nº 1.- Caseta do Nadal: 5 (m2)
 - SET nº 2.- Nenos cantores: 3 (m2)
 - SET nº 3.- Poboado navideño: 3 (m2)
 - SET Nº 4.- Bonecos de neve: 4 (m2)
 - SET Nº 5.- Farol xigante: 2 (m2)
 - SET Nº 6.- Camelo Real: 2 (m2)
 - SET Nº 7.- Libro xigante: 2 (m2)
 - SET Nº 8.- Tren do Nadal: 3 (m2)
 - SET Nº 9.- Árbores colgantes Praza da Constitución: 1 (m2) (equivalente a 1 ud más)
- *Incrementa o stock para a substitución esixido no prego de prescricións técnicas nun 4 %.*
- *Non achega certificados de calidade relacionados co obxecto do contrato.*

"Adxudicar a ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A. o lote 2 do procedemento aberto para a contratación mixta de subministro e servizos para a instalación de elementos vexetais e non vexetais para a decoración de nadal (5.481-106) por un prezo total de 376.320,00 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 65.311,74 euros e coas seguintes melloras:

- *Incrementa o número de figuras en relación coas incluídas no PPT para o Lote 2 coa seguinte distribución:*
 - SET N.º 10.- Boneco de neve (3D, 1,5 mts de altura): 2 Uds
 - SET N.º 11.- Caixa de agasallo (3D, 1,5 x 1,5 x 1,5 mts): 3 Uds
- *Incrementa o stock para a substitución esixido no prego de prescricións técnicas nun 4%.*
- *Achega os seguintes certificados de calidade relacionados co obxecto do contrato: certificado de calidade ISO 9001-UN e certificado de calidade ambiental 14001-UN.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas".

b) Procedemento aberto mixto para a contratación dos subministros e servizos de instalación dun poboado de montaña durante as campañas do Nadal (5.748-106)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:39	Páxina 10 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A446-CEDC3D-4FDD31-XMSLR1-ZMJQBD-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto mixto para a contratación dos subministros e servizos de instalación dun poboado de montaña durante as campañas do Nadal (5.748-106)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 18 de setembro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto mixto para a contratación dos subministros e servizos de instalación dun poboado de montaña durante as campañas do Nadal (5.748-106) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación criterios xuízo valor	Puntuación criterios fórmula	Puntuación total
1	ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S.L. (EVENTUMPRO)	15,5 puntos	75 puntos	90,5 puntos

Segundo.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S.L. (EVENTUMPRO), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lembre que deberá acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -PCAP- ("documentación expedida pola Delegación de Industria de estar en posesión do Certificado de Empresa Instaladora de equipos e instalacións eléctricas").*
3. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".*



Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S.L. (EVENTUMPRO), o día 21 de setembro de 2018, que presenta a documentación requirida nas datas 27 de setembro e 3 de outubro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 3 de outubro de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S.L. (EVENTUMPRO), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S.L. (EVENTUMPRO), de acordo cos informes de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor e da proposición avaliable mediante fórmula, de datas 4 e 14 de setembro de 2018, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S.L. (EVENTUMPRO) o procedemento aberto mixto para a contratación dos subministros e servizos de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:39	Páxina 12 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A446-CEDC3D-4FDD31-XMSLR1-ZMJQBD-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

instalación dun poboado de montaña durante as campañas do Nadal (5.748-106) por un prezo total de 79.987,95 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 13.882,21 euros e coas seguintes melloras:

- *Comprométese a incluír na oferta réplicas os seguintes elementos na seguinte porcentaxe sobre as unidades exixidas no proxecto:*
 - *Escenas do Nadal ou actividades de inverno (as dimensións mínimas serán 20 cm de alto, 40 cm de ancho e 15 cm de largo e, de conformidade cos criterios establecidos no apartado 3 do anexo I do proxecto) incrementa o mínimo (60 uds) en 10%.*
 - *Figuras de persoas/animais feitas en resina ou similar (as dimensións mínimas serán 7 cm de alto, 4 cm de ancho e 3,5 cm de largo) incrementa o mínimo (100 uds) en 10%.*
 - *Figuras de fachadas de casas feitas en resina ou similar (as dimensións mínimas serán 26 cm de alto, 20 cm de ancho e 7 cm de largo.) incrementa o mínimo (70 uds) en 10%.*
 - *Figuras de montañas e estacións de esquí feitas en resina ou similar (as dimensións mínimas serán 20 cm de alto, 40 cm de ancho e 15 cm de largo, conforme aos criterios de*
 - *proporcionalidade establecidos no apartado 6 do anexo I do proxecto) incrementa o mínimo (20 uds, das cales 17 uds de montaña e 3 uds de estacións de esquí) en 10%.*
 - *Figuras de casas singulares feitas en resina ou similar (as de dimensións mínimas serán 16 cm de alto, 13,5 cm de ancho e 10 cm de largo) incrementa o mínimo (100 uds) en 10%. Figuras de accesorios do poboado como coches, farolas, árbores,*
 - *sinais, setos (etc) feitas en resina ou similar (as dimensións*
 - *mínimas serán 5 cm de alto, 4,5 cm de ancho e 5 cm de largo)*
 - *incrementa o mínimo (200 uds) en 10%.*
- *Incrementa o stock de seguridade esixida no ppt (10%) nun 4%.*
- *Non achega certificados de calidade relacionados co obxecto do contrato.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 15:00 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:39	Páxina 13 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A446-CEDC3D-4FDD31-XMSLR1-ZMJQBD-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		